

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

- 11091** *Real decreto 899/2010, do 9 de xullo, polo que determinados documentos oficiais se declaran equivalentes ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para impartir as ensinanzas elementais e profesionais de danza establecidas na dita lei.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), dedica o capítulo VI do seu título I ás ensinanzas artísticas, entre as cales se atopan as ensinanzas elementais e profesionais de danza.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), establecía, para os mesmos niveis de ensino, o grao elemental e o grao medio de danza.

De acordo co Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ano académico 2007-2008 foron implantados as ensinanzas elementais e os catro primeiros cursos das ensinanzas profesionais de danza e quedaron extinguidos, respectivamente, os catro cursos das ensinanzas de grao elemental e os dous primeiros ciclos das ensinanzas de grao medio vixentes ata ese momento. Así mesmo, no ano académico 2008-2009 implantáronse os cursos quinto e sexto das ensinanzas profesionais de danza e quedou extinguido o terceiro ciclo das ensinanzas de grao medio vixente ata ese momento.

A LOE establece que para exercer a docencia das ensinanzas artísticas será necesario estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou do título de grao correspondente ou titulación equivalente para os efectos de docencia. A LOXSE establecía que para exercer a docencia das ensinanzas de réxime especial de danza será necesario estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou titulación equivalente, para os efectos de docencia.

En desenvolvemento do establecido na disposición adicional cuarta, número 7, da LOXSE, foi publicado o Real decreto 600/1999, do 16 de abril, polo que determinados documentos oficiais se declaran equivalentes ás titulacións a que se refire o artigo 39.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, para impartir as ensinanzas dos graos elemental e medio de danza establecidos na dita lei. O artigo 1 do citado real decreto establece a equivalencia dos documentos acreditativos da completa superación de estudos oficiais de danza anteriores á implantación da LOXSE, expedidos polos conservatorios de música, conservatorios de danza e as escolas de arte dramática e danza, unicamente para os efectos da impartición das ensinanzas de danza nos graos elemental e medio en centros públicos ou privados, ao título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou titulación equivalente, para os efectos de docencia.

Como se desprende dos parágrafos anteriores, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao mesmo tempo que modifica a estrutura das ensinanzas de danza, modifica as denominacións destas, polo que, co obxecto de evitar diferentes interpretacións, se considera necesario indicar expresamente que a situación previa dos documentos acreditativos da completa superación de estudos oficiais de danza anteriores á LOXSE, expedidos polos conservatorios de música, conservatorios de danza e as escolas de arte dramática e danza, como figura no Real decreto 600/1999, do 16 de abril, continúa inalterable, mantendo os seus efectos para a impartición das ensinanzas de danza nos niveis coincidentes.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as equivalencias dos documentos acreditativos da completa superación de estudos oficiais de danza anteriores á implantación da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, unicamente para os efectos da impartición da docencia das ensinanzas elementais e profesionais de danza, ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 2. *Equivalencia dos documentos acreditativos da completa superación de estudos oficiais de danza anteriores á implantación da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

Os documentos acreditativos da completa superación de estudos oficiais de danza anteriores á implantación da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, expedidos polos conservatorios de música, conservatorios de danza e as escolas de arte dramática e danza decláranse equivalentes, unicamente para os efectos da impartición da docencia das ensinanzas elementais e profesionais de danza en centros públicos e privados autorizados, ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sen prexuízo da previsión contida no citado artigo, en relación coa formación pedagóxica e didáctica requirida.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 600/1999, do 16 de abril, polo que determinados documentos oficiais se declaran equivalentes ás titulacións a que se refire o artigo 39.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, para impartir as ensinanzas dos graos elemental e medio de danza establecidos na dita lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, segundo o cal lle corresponde ao Estado a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL